

CONVOCATORIA DO PLAN PROPIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA NOS DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS DOS CENTROS PROPIOS. CURSO 2021-22

A Universidade da Coruña e o Banco Santander convocan bolsas de colaboración para formación complementaria nos departamentos universitarios dos centros propios da Universidade da Coruña (UDC).

OBXECTO DAS BOLSAS

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de **50 bolsas** de colaboración nos departamentos, co fin de favorecer a formación complementaria do estudiantado matriculado nun centro propio da Universidade da Coruña, en estudos conducentes á obtención dun título oficial de grao.

Dúas bolsas por cada departamento, que figura relacionado no anexo I.

ORZAMENTO

A dotación total das bolsas será de cento un mil catrocentos sesenta e seis euros (101.466,00 €) con cargo á partida orzamentaria 0300.0300.15 422D.48000. Sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da bolsa será de 240€ mensuais, ao que se lle aplicará as retencíons correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas (IRPF), conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, descontarase deste importe a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o dispuesto no Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración destas bolsas será o período comprendido entre o día 01.11.2021 e o 31.05.2022, cunha dedicación de 8 horas semanais, sen que o tempo de dedicación diaria poida exceder de catro horas.

O horario concertarase coa persoa titora tendo en conta a ocupación lectiva da persoa adxudicataria.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumplir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculadas na UDC e ao corrente do pagamento no curso 2021-22, en estudos oficiais de grao dos centros propios, no prazo de aceptación da bolsa.
2. Ter superado o 30 % dos créditos en actas confirmadas, na titulación onde estean matriculadas á data de finalización do prazo de solicitude da bolsa.
3. Non percibir ningunha axuda económica/bolsa incompatible.

Estas bolsas son incompatibles coas bolsas de colaboración do Ministerio de Educación e con calquera outra bolsa de colaboración para o mesmo fin.

Non se poderá realizar ningunha actividade retribuída que supoña a percepción dunha cantidade superior ao trinta por cento do salario mínimo interprofesional (30 % SMI), durante o goce da bolsa.

Non se podrá percibir a prestación por desemprego que supoña unha contía superior ao 30 % SMI, durante o goce da bolsa.

Para estes efectos, poderáselle solicitar á persoa interesada unha certificación da Axencia Tributaria, acreditativa do seu nivel de rendas.

Estas bolsas son compatibles coas bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación, da Administración Autonómica e coas bolsas e axudas convocadas pola UDC: transporte, residencias, comedor e dificultades económicas.

A obtención simultánea dunha bolsa convocada por esta resolución con algúna axuda/bolsa incompatible, será causa de reintegro das cantidades percibidas.

Non obstante e sen prexuízo do anterior, cando un/unha estudiante sexa beneficiario/a dunha bolsa convocada por esta resolución e dunha das bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da UDC, curso 2021-22, deberá aceptar só unha delas.

4. Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data de inicio do goce da bolsa.
5. Os/as bolseiros/as de colaboración deberán manter a condición de estudiantes de grao da UDC, durante o período completo da duración da bolsa e non participar nun programa de mobilidade.
6. A perda da condición de estudiante dunha titulación de grao da UDC, suporá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.
7. Non poderá solicitar unha bolsa de colaboración a persoa que gozase con anterioridade doutra bolsa de colaboración da Universidade da Coruña.

CONDICIÓN DA BOLSA

- Existir conexión entre a actividade formativa obxecto da bolsa e o perfil académico da persoa solicitante.
- O departamento solicitado terá que impartir docencia na titulación en que está matriculada a persoa solicitante.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberanse cubrir a través da aplicación informática a que se accede desde a ligazón <https://bolsas.udc.es>

No momento da solicitude deberá cubrir unha *Declaración de responsabilidade* de que non está incursa en ningunha causa de incompatibilidade, das establecidas nesta convocatoria.

A persoa solicitante só poderá presentar a súa candidatura en 3 departamentos, por orde de preferencia, nas que cumpran as condicións anteriormente citadas. No caso de exceder ese número, quedarán anuladas todas as solicitudes presentadas

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección será a Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno:

https://www.udc.es/gobierno/organos_colexiados_e_estatutarios/consello_gobierno/comisions_e_stables/index.html

Vicerreitoras:

Lombardía Cortiña, María José (presidenta)
López Villar, Cristina

Profesorado:

Ávila Álvarez, Adriana Ivette
Calvo Rolle, José Luis
Dopico Calvo, Xurxo
Ladra González, Susana
Busto Lago, José M.
Martín Santamaría, María José

Representantes do estudiantado:

Falce Castro, Paula Alexandra
López Quintela, Hugo

Representantes do persoal de administración e servizos:

Pernas Ladra, Juan Manuel

A Comisión de Selección está facultada para resolver calquera dúbida relacionada coa convocatoria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O criterio de avaliación será o expediente académico, tendo en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15.09.2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro), na data da fin do prazo de solicitude da convocatoria.

A valoración será ponderada sobre 10. As notas medias de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.

PUBLICACIÓN DE LISTAXE PROVISIONAL E RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña (TEO) unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar reclamación e/ou achegar a documentación requirida, segundo o motivo da exclusión.

Posteriormente publicarase no TEO a resolución coa listaxe definitiva de persoas adxudicatarias das bolsas e a listaxe de agarda.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes.

OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA

No caso das bolsas con varias persoas adxudicatarias e varios plans formativos, as persoas adxudicatarias poderán elixir o plan formativo respectando a orde de puntuación acadada na adxudicación.

En calquera caso, a persoa bolseira, despois de tramitar a súa aceptación da bolsa, poñerase en contacto coa persoa titora para os efectos de establecer os horarios, respectando as limitacións desta convocatoria, e para elixir o plan formativo se houbese máis de un.

A persoa bolseira comprométese a realizar as accións formativas seguindo as indicacións da persoa titora.

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

A persoa bolseira comprométese a presentarlle á persoa responsable da súa titorización unha memoria das actividades formativas realizadas para a súa conformidade, antes do 30.04.2022. O incumprimento desta obriga suporá o reintegro das cantidades percibidas.

O orixinal da memoria quedará custodiada no departamento en que se desenvolva a bolsa. A persoa titora enviará un arquivo en pdf da dita memoria ao Servizo de Estudantes-SAPE ao enderezo: sape@udc.gal.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA

Coa aceptación da bolsa, a persoa interesada comprométese a cumplir todas as condicións recollidas nesta convocatoria e na Resolución definitiva de adxudicación das bolsas.

Deberase efectuar no prazo de 3 días hábiles desde o día seguinte á publicación da resolución de adxudicación das bolsas no TEO.

Para a aceptación, a persoa interesada con bolsa adxudicada, deberá presentar os seguintes documentos asinados:

- Impreso de aceptación

- Impreso de alta de persoal
- Documento acreditativo do número de NUSS (número de usuario da Seguridade Social)

Os impresos están dispoñibles na ligazón http://www.udc.gal/sape/descarga_documentos/

Ademais, dentro do prazo indicado para a aceptación, as persoas adxudicatarias deberán:

- Solicitar a alta dunha conta bancaria do Banco Santander, onde desexen que se realicen os ingresos pertinentes, a través da Sede Electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>) seleccionando nos trámites de xestión económica o de "alta/baixa/modificación terceiros". Poden acceder directamente desde a ligazón:

https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003/start

Durante o proceso deberán entregar un documento xustificativo do número de conta para a alta e outro arquivo con copia do seu documento de identificación.

- Inscribirse na plataforma de bolsas do Banco Santander na ligazón que se indicará na resolución definitiva da convocatoria.

Se no prazo de 3 días hábiles non se recibise a aceptación da persoa adxudicataria, entenderase que renuncia á bolsa.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda que, por renuncia das persoas adxudicatarias tivesen dereito ao aproveitamento da bolsa, realizaranse a través da conta de correo electrónico da UDC, indicada na solicitude, con confirmación de entrega e disporán dun prazo de 3 días hábiles para aceptar a bolsa mediante alguma das formas descritas anteriormente. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncian.

Todas as baixas que se producieren antes do 01.03.2022 serán substituídas pola seguinte persoa da listaxe de agarda.

Esta convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do *Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 31.05.2016*:

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2016/000500/document?logicalId=270a83d5-bfff-4160-a362-1d399f71945f&documentCsv=5O6VOVJQOEAVDMH32QJ1IB5V

Calquera dúbida relacionada con esta convocatoria pódese consultar a través do correo electrónico: sape@udc.gal

PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no TEO da Universidade da Coruña, até as 23:59 h do venres 10 de setembro de 2021.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento Xeral de Protección de Datos” ou RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

A solicitude dunha bolsa, ao abeiro do Regulamento de bolsas de colaboración para formación complementaria na Universidade da Coruña, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD e lexítimándose nalgúnha de las bases previstas no artigo 6 do RXPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumplirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consiente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitud no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. A persoa interesada, se resultase adxudicataria dunha bolsa e a aceptase, consiente expresamente a transmisión da dirección da súa conta de correo electrónico asignada por la UDC ao Banco de Santander, calquera outro dato non será transmitido a terceiros, a menos que exista consentimento previo da persoa interesada ou base legal para esa transmisión. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do derecho de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumplir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terádereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamiento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderaos exercer:

- prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites;
- mediante unha solicitude ao responsable do tratamiento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no endereço Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, ou no correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- mediante unha solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, no mesmo endereço postal anteriormente indicado, ou no correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá

presentar a solicitude a través del rexistro telemático da citada Sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.
Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O reitor

Julio E. Abalde Alonso (asinado digitalmente)



ANEXO I

BOLSAS DE COLABORACIÓN EN DEPARTAMENTOS
(2 BOLSAS POR DEPARTAMENTO)

CENTRO / CAMPUS	DEPARTAMENTO
CAMPUS DA CORUÑA	
Facultade de Ciencias	Bioloxía
	Física e Ciencias da Terra
	Química
Facultade de Ciencias da Educación	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
	Pedagoxía e Didáctica
	Psicoloxía
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	Educación Física e Deportiva
Facultade de Economía e Empresa	Economía
	Empresa
Facultade de Dereito	Dereito Privado
	Dereito Público
Facultade de Filoloxía	Letras
Facultade de Fisioterapia	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas
Facultade de Informática	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información
	Enxeñaría de Computadores
	Matemáticas
Facultade de Socioloxía	Socioloxía e Ciencias da Comunicación
Escola Técnica Superior (ETS) de Arquitectura	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Civís e Aeronáuticas
	Expresión Gráfica Arquitectónica
	Proyectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición
ETS de Náutica e Máquinas	Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña
ETS de Enxeñeiros de Caminos, Canais e Portos	Enxeñaría Civil
CAMPUS FERROL	
Escola Politécnica Superior	Enxeñaría Naval e Industrial
Facultade de Enfermaría e Podoloxía	Ciencias da Saúde
Escola Universitaria Politécnica	Enxeñaría Industrial